

## SANIDADE REMATARÁ NO 2011 A MODERNIZACIÓN DE 52 CENTROS DE SAÚDE DESDE O INICIO DE LEXISLATURA

09 02 2011

O departamento de Pilar Farjas rematou ou está a construír un total de 30 centros de saúde e atópase no proceso de licitación de 22 novos. A conselleira reivindicou a necesidade de apostar pola modernización das infraestructuras para xerar emprego e apostar, sen condicións, pola eficiencia no gasto en farmacia.

Santiago, 9 de febreiro de 2011. - A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe no Parlamento, que a Consellería de Sanidade rematará, no presente ano, a modernización de 52 centros de saúde dende o comezo da actual lexislatura. Neste senso, detallou que o seu departamento rematou, ou está a construír, un total de 30 centros de saúde e atópase no proceso de licitación doutros 22 máis.

Subliñou que, no presente ano, están en execución e poranse en funcionamento os centros de saúde de Vilarmaior, Oroso, Agualada, Novo Mesoiro (A Coruña), Sarria, Monterroso, As Somozas, Vilamarín e San Paio de Navia, cun investimento de 15 millóns de euros.

Pilar Farjas dixo tamén que terminaranse as reformas doutros catro centros de saúde, Carballeda de Avia, Toural (Vilaboa), Crecente e Tomiño, cun investimento de ao redor de 1,6 millóns de euros.

Xunto con todo o anterior, a conselleira de Sanidade remarcou que xa están iniciados os trámites para licitar a construción de 22 novos centros de saúde, cun investimento de ao redor de 52 millóns de euros, Arteixo-Villarrodís, Malpica-Buño, Cambre-O Temple, Culleredo-O Portádego, Ares, A Capela-As Neves, O Vinteún (Ourense), Ribadavia, Barbadás-Valenzá, Pontedeva, Ames-Milladoiro, Galeras (Santiago), Conxo (Santiago), Oia, Tui, Gondomar, Marín, Nigrán-Panxón, Illa de Arousa, Fisterra, Os Peares e Serantes. Ademais, nos orzamentos deste ano dispónse de 2,2 millóns de euros para reformas e ampliacións e outro millón máis para equipamento, -dixo a conselleira-. "Neste conxunto de centros de saúde que imos licitar incluímos o máximo número deles dos que todos os trámites de cesión do solo estaban rematados, e agardamos ata o último momento para que entrasen os máis posibles".

"Nestes novos centros que imos licitar a asistencia sanitaria e a xestión dos centros de saúde será 100% pública e dependerá do Sergas". Neste senso destacou que os mecanismos tradicionais de financiamento son insuficientes, a día de hoxe, para facer fronte aos investimentos necesarios para manter e modernizar a rede de centros de atención primaria. "Por iso buscáronse novas fórmulas que permitan, por un lado, dispoñer das infraestructuras que a cidadanía precise no menor tempo posible, e, por outro, asumir o investimento e desvinculalo do ciclo económico".

"Estes novos centros -proseguíu a conselleira-, reforzarán o sistema sanitario e dinamizarán o contorno económico e social das áreas xeográficas onde se edifiquen. Ademais, permitirán que máis de medio millón de galegos teñan un novo centro de saúde de atención primaria á súa disposición".

### Obras realizadas

Logo de sinalar que durante o Goberno bipartito nin sequera se completara un ciclo construtivo completo dun só centro de saúde en 4 anos, destacou que o actual executivo puxo en funcionamento, durante o ano 2009, os centros de saúde de A Merca, Toén e rematou o de A Parda (Pontevedra) e Tenorio-Cotobade. Tamén finalizou nese ano a reforma do terceiro andar do centro de saúde Fontenla Maristany (Ferrol), e do centro de saúde da Doblada (Vigo).

No ano 2010, o Goberno actual rematou a puxo en funcionamento seis centros de saúde, a Covada (Oleiros), a Barrela (Carballedo), Entrimo e Vilar de Santos, Espasante (Ortigueira) e Vilalonga (Sanxenxo), cun investimento total de 4,5 millóns de euros. Ademais, ampliouse e reformáronse outros 5 centros de saúde, o de Cambre, o de Padrón, o Punto de Atención Continuada de Padrón, o de Lavadores (Vigo) e o de Valga, por un investimento total de 2,4 millóns de euros.

